


nós.

són

RODRIGO
SANTOS

que se derramou de um vaso quebrado quando o sol nasceu, e que se espalhou por toda a terra.

que se derramou de um vaso quebrado quando o sol nasceu, e que se espalhou por toda a terra.



OBRAIS

que se derramou de um vaso quebrado quando o sol nasceu, e que se espalhou por toda a terra.

NUM. 5

24 San Xoan do 1921

NÓS

BOLETÍN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGÃO
DA SOCIEDADE GALEGA DE PUBLICACIÓS «NÓS»

DIREITOR:
Vicente Risco

TERENTE:
Arturo Noguerol

REDAUTOR-XEFE:

Xavier Prado (Lameiro)

SEGREDARIO DA REDAUCIÓN:

Xulio Gallego

REDAUTORES:

Ramón Cabanillas, Alfonso R. Castelao, Antón Losada Diéguez, Ramón Otero Pedrayo,
Florentino L. Cuevillas, Lenter González Salgado

COLABORADORES:

Teixeira de Pascoaes, Johan Viqueira, Philéas Lebesgue, Leonardo Rodríguez, Antón Villar Ponte, Wenceslao Fernández Flórez, Xaime Quintanilla, Antón Noriega Varela, Gonzalo Abente, Manoel Banet Fontela, Lois Peña Novo, Eladio Rodríguez González, Ernesto Rivera, Marqués de Figueroa, Antón Palacios, Leonardo Coimbra, Amador Villar, Alvaro Cebreiro, Alexandre de Córdoba, J. Cervaens Rodríguez, Xulio A. Cuevillas, Victoriano Taibo, Xulio Prieto, Xosé Fernández Martínez, Farruco Lamas, etc., etc.

REDAUCIÓN Y -ADMINISTRACIÓN

Padre Feixón, 12

ABONAMENTO

Doce números, na Península 8 ptas.


. . . Fóra 15 . . .

Número sólto, 60 cts. na Península, 1'50 ptas. fóra

Iste boletín non publica mais crónicas que os que foram directamente solicitados pola Dirección. — Tampouco se fai solidario das ideas nelas emitidas, non sendo des que por non iren firmados, enténdense que son da Redaución.

SUMARIO

- Vigo, por PHILIPPE LERREGUE.
O Mardos, por TEIXEIRA DE PASCOAES.
Conto, por ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ.
Notas de viaxe, por ROBERTO BLANCO TORRES.
Galiza Céltiga, por VICENTE RISCO.
Bruxa o mar, por VICTORIANO TAIBO.
O mercado d' Oriente, por ARTURO NOGUEROL.
Archivo filolóxico e etnográfico de Galicia.
Os homes, os feitos, as verbas, pola REDAUCIÓN.
A III Asamblea Nacionalista.
Achados arqueolóxicos.
Libros.
Revistas e xornais.
Fóra de texto: Retrato ó carbón, por FARRUCO LAMAS.



NOS

MANUEL SEOANE

AXENCIA DE FERROCARRILES

Madeiras labradas de todas clases

Mercante APEAS pra minas

Ponte Mayor - OURENSE

SAMANIEGO • FOTÓGRAFO DE MODA

Luis Espada, n.º 13 - OURENSE

SERANTES E COMPAÑÍA

FARIÑAS E COLONIÁS

Ponte Mayor y - Ourense

Gran Café "ROYALTY," • BÓ SERVIZO :: CAFÉ E LICORES DAS MILLORES CLASES

Depósito da excelente Sidra "REINA DE ASTURIAS,"

PRECIOS BAIXOS POR PARTIDAS DENDA CINCO CAIXAS ADIANTE

NEUMATICOS "MICHELIN,, SEMPRE ACABADOS DE FABRICARE

GASOLINA • LUBRIFICANTES

Depósito oficial: ALFONSO ABEIJON - Ponte Mayor (Ourense)

PRA SE FACER RICO UN HOME DE NEGOCIOS

SERÍALLE TAN CONVENENTE

ANUNCIARSE N-O BOLETÍN "NÓS,,

COMA TER BOA SORTE

NÓS

GRAN "HOTEL MIÑO,, OURENSE

O ÚNECO DA CAPITAL CON CALEFAUCIÓN CENTRAL
AMPLIAS HABITACIÓS :: COARTOS DE BAÑO
PENSIÓN COMPRETA DENDE 12 A 60 PESETAS

Propietario: ANDRÉS PERILLE :: Teléfono 21

Merquen: PLUMEIROS DE RAFIA "PERILLE,,

OS DE MAIS DURA, OS QUE MILLOR LIMPAM, OS MAIS ECONÓMICOS

BOAS UTILIDAS OS REVENDEDORES

FABRICANTE

ANDRÉS PERILLE

OURENSE (España)

Clave A. B. C., 5.^a edición

REPRESENTANTE N. A. ARXENTINA

JOSÉ MARTÍN

Calle Venezuela, 99

BUENOS AIRES

Casa "PERILLE,,

FERRETERIA :: LOUZA :: CRISTAL

MOEBLES ECONOMELOS E DE LUJO

FRABICACION DE COLCHOS PATENTADOS

Vostede pode montal-a sua casa con solo visitar iste estabrelemento, obtendo o maximum d' economia.

Paz Nóvoa, 9 - OURENSE



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA ÓRGAO,
DA SOCIEDADE GALEGA DE PUBLISHINGOS "NÓS,"

Ano II Ourense 24 de San Xoan 1921 Núm. 5

VIGO

*Vigo, cirque de monts vêtus de gaze bleue
Où s'emprisonne un lac gardé par des géants
En songes, à deux pas des mornes océans
Que portent leur soupir à des milliers de lieues.*

*Maisons blanches, pins noirs épars à flanc de roc,
Coniez-vous tant d'oiseaux que la mer en sort pleine
Dès l'aube? Le navir ralentit son haleine
Et stoppe doucement loin des quais, sans un choc.*

*Et voici qu'un essor léger de folles ailes
Autour de ses flancs noirs fleureusement s'abat.
La voile qui se tend sur la vergue, et le mât
Sous le vent de la mer penche les barques frêles.*

*Mais les pauvres marchands deguenillés du port
Ont chargé de citrons, de piments, de safrains
Leurs canots que l'effort des bras pousse en cadence
Et les voici balant de bâbord à tribord.*

*Les arômes du Sud nous prennent à la gorge.
Le papillotement du jour épanoui
Fait sursauter notre âme en notre œil ébloui
Et le port est soudain doré comme un champ d'orge.*

*Vigo, cirque de monts qu'un peu de brume azurée
Je revois tes coteaux, tes pampres, tes rochers;
Mes songes, comme un vol d'oiseaux effarouchés
S'en retournent vers ta lumière à l'aventure...*

PHILEAS LEBESGUE

La Neuville-Vault (Oise).

O "MARÁNO," DE TEIXEIRA DE PASCOAES




I

O mestre Teixeira de Pascoaes fixo unha segunda edición do seu poema *Mardnos*. «Temos—deciamos n-o nós o pírmeiro número—a Teixeira de Pascoaes coma causa nostra, e n-as nossas internas devocións témol-o moi perto da Santa Rosalia e de Pondal, o verbo da lembranza.» O mestre corresponde a iste sentimento; a segunda edición do *Mardnos* vén dicada a Galiza.

Galiza, terra irmã de Portugal
Que o mesmo océano abraça longamente,
Bergo de brancas novas resplandindo
O espírito do sol amanhecente.
Altar de Rosalia e de Pondal
Iluminado á lagrimas acesas,
Entre pinhaes aos zefiros carpindo
Magras da terra e místicas tristezas.
A ti dedico o libro que uma vez
Embragado de sombra e solidão,
Compus sobre os fraguedos do Marão.
Este libro sandoso e montanhoso.

O *Mardnos* é o poema da comunión do home co'a terra, sentido n-os fraguedos do Marão e n-o val do Támega, tan nósos... «Hoje también reconhezo—di o autor n-unha das suas cartas—que esse libro pertence más à Galiza do que a Portugal, e por isso lho dediquei.»

Teixeira de Pascoaes é un pangaleguista. Foi Pina de Moraes quen chamou d'iste xeito ó movemento dos espíritos que leva a Galiza pra Portugal, e a Portugal pra Galiza, movemento qu' é unha característica do nosso tempo. O Pangaleguismo tén a sua orixe n-un sentimento que s'esprime así: a y-alma de Portugal tén saudades da Galiza, e a y-alma galega sinte saudades de Portugal. O pírmeiro a expresar iste sentimento, seica foi Affonso Lopes Vieira, o insine autor de *O Encoberto*. Quen o esprimiu d'un xeito más reveladore foi Teixeira de Pascoaes n-as suas cartas: «A Galiza é irmã e mãe de Portugal. Portugal saiu dos seios da Galiza; depois abandonou a Mae e foi por esses mares



fóra; fugiu como o filho pródigo. Mas é chegado o tempo do seu regreso ao lar materno. Temos de voltar a viver espiritualmente em comúm. Assim o exige o destino das nossas Patrias que ainda não está cumprido...»

Teixeira de Pascoaes é nósso porque descubriu a y-alma galega ó descobrilla y-alma lusiada: almas de Saudade. Eiquí, antr'os boso xenerosos todas son pra il voces de devoción a d'agarimo.

II

Teixeira de Pascoaes leva en Amarante, n-o pazo señorial dos seus maiores, verdadeiros fidalgos portugueses, unha vida de sabio arredada e silenciosa, unha vida moi por riba da época que vive... Ouh, os que pensan qu'hai grandeza en servir é época, cando a quen hai que servir é a eternidade!... Hai poucos que sepián agardar en silencio pol-a eternidade; caxeque todos bulen a pillal-o istante que pasa, e por iso só miran da vida as apariencias mentirosas...

Solen chamar vida intensa á vida disipada, cando a vida intensa verdadeiramente é a vida recollida, a que se fai n-isos recunchos da terra ond'a vida fai remanso, e coma que se detén, e deixa quedal-as suas augas, alén arremuñadas y-escumentas, y-ó se remansaren deixan trasparental-a fondura da vida atrás do seu craro cristal... N-isos lugares os sentimentos y-os afeutos fanse fondos, pillan raices no fondal da y-alma a força de se deixaren libar lentamente, pingota a pingota. Vivens' os amores salayo por salayo e chóransen as doores bágoa a bágoa. Eiis o caso da Bruxas de Rodembach, e tal é pr'ó nósso Teixeira o seu Amarante.

Esi pode fagueal-o que fai: compoñer ainda n-istes tempos, cada día de meirande incapacidade meditativa, poesía trascendental, poesía que é unha metafísica que se fai así mesma de sentimento, o mesmo sentimento, hast' os mesmos recursos poéticos, as imaxes mesmas a se convertir en metafísica...

Estraña maxinación, esta qu' entroques de faguer imaxes, dilue e desfai en vaguedade as imaxes do mundo. Estraño poeta pra quem os arbres son oraciós e lñz do sol o canto dos páxaros. Panteísmo e paganía e profetismo tamén. Il desfai o palpabel en neboeiros moito más cheos de sinificación do que as concreciós da realidade, as apariencias mentirosas das cousas, das qu'il sabe tornarse n-un soño enfeitizado que o pón n-a verdade por atrás da realidade. Trasforma as especies sensibles en especies intuitivas e d'iste xeito nos fai comulgala verdadeira sustancia poética da vida.

III

O *Mardnos* é un grande poema, diríamnos cosmogónico, de longo folgo e vastas amplitudes, que ainda é pequeno pra contel-a imensidáde de sinificacións que s'adeviñan atrás d'il, de xeito que con ser xa o que é, non é máis qu'unha pequenina parte de tanto como nos tén que dicir o autore.

É por vivir n-ise afastamento, en certo modo tamén da actualidade, que Teixeira de Pascoaes pode ainda nos ofrecer un poema atal coma iste, pode ainda ser un criador de mitos cósmicos e dar nacemento a novos deuses, dramatizal-a natureza ó modo dos vellos Vedas...

Ainda eiquí, n-un poema feito e situado, a vaguedade é tan grande e deixá adeviñar taes infinitos, qu'elí está todo, elí está o mundo inteiro, a universalidade das cousas, ollada através do drama esencial da y-alma lusitana... O poema é n-algunha parte, coma unha evangelización da cosmogonía, o Xénesis metido n-o Evanxeo: o drama crístico da terra. Morte e trasfiguración, coma n-o poema musical de Strauss, é un final irremediable de traxedia despois d'unha aurora de trunfo que pasa com'un lostrego...

Mardnos vai obtendo as revelacións de todal-as imaxes pantasmaes de todal-as avatars do sentimento e do espírito: Eleonora, a Saudade, o Marão, Don Quixote, os Deuses, Xesús... Da nacemento ó revelador futuro a quem adoran os pastores, e vaise alén-mundo, deixando atrás de si a traxedia do novo Cristos...

Teixeira de Pascoaes é optimista ó seu modo; optimista lle chama Fernando Maristany, seu tradutor ó castelán, mais n-iste poema ó menos, a impresión final é de tráxica desesperanza, é profecía d'un total aniquilamento de todal-as cousas, ás que somentes sobrevive a eternal Saudade esconsolada, más duradoira do qu' os universos, os espíritos e mailos mesmos deuses, a Saudade sóya, xemendo n-a vastidade imensa ond' outrora estiveron os mundes, cecais pra coas suas bágoas espalladas faguer sementeira de novos universos, cecais o ver nós o *Mardnos* d'iste xeito, vén de que, atentos d'abondo ó que n-il se dí da Terra, non soubemos ainda ir tras de *Mardnos* en precura do novo Reino Espiritual.

Bén se ve que o poeta compuxo iste libro «embriagado de sombra e solidão».

IV

Escrito todo en endecasilabos, elo contribúe a lle dar ó *Mardnos* un tono vago de brétema e de nevoeiro. Mais son endecasilabos tan traballados e tan cheos de vida interior, que apesar da común medida teñen unha variedade imensa de sonoridá interior.

Ademáis, c'unha mestranza que nos amostra até que punto o poeta s'adonou das esquisitezas más fondas da súa arte, Teixeira arranxou as rimas d'un xeito especial pra lle quitar ó endecasílabo todo asomo de monotonía. De catro, en catro, os versos teñen rimas alternadas, dous versos aconsoantados e dous ceibes, e más tamén puxo unha alternancia ant'os grupos (non estrofes) de catro versos: n-un riman o primeiro y-o terceiro verso, ficando ceibes segundo e catro; n-o seguinte ó contrario, son ceibes primeiro e terceiro, e riman segundo e catro. D'iste xeito diliúese a sonoridáda da rima, y-o tempo que s'evita a monotonía, colle os versos más forza de suxestión poética, todo sen sair da poética tradicional, a que, coma se vé, en boas mans, ainda tén recursos.


Ora, esta observación tén a súa importancia, e cómpre ter en conta ademáis que n-os grandes mestres, todo debe ser estudiado.

V. R.





CONTO



ous rapacíos rífan, y-estábanse batendo cegos. Un d'iles san e rexo, y-o outro un malpocadiño que choraba. Duas mulleiras apartáronos e levaron ó meniño dos choros dándolle bicos. O outro, o san e forte, soillo, vermello de vergonza quedaba sin agarimo, cheo de

tristura, e foise indo pasenifo. Fixenlle unha festa ó probe do rapás e dixen pra mí: «tamén os fortes dan compasión ás veces», lembrándose d'un sucedido.

O sucedido foi esto. Había unha vés n-unha aldea veira mar, n-a ría de Marín, dous mozos mariñeiros, Chuco e Manoel. Eran tempos n-os qu'aínda non ían as motoras a buscar sardinha a Leixoes, nin xiixerla as artes da traifa eran donas das rías. Os barcos xelosos ían mar afora máis alá d'a illa d'Ons e chegaban muitas veces a Finisterre.

Manoel era un rapás ergueito e finiño, churrusqueiro y-amigo d'as rapazas. Chuco era un mozo forte e valente que se desfacia de bó: ningún bogaba coma él que pasaba horas sin arrial-o remo, e sin falar, nin se conocía nadador coma él n-a ría.

E Chuco e Manoel tiñan toleria por Carmela, unha meiga rapaza d'óllos mouros, moi beiladora. Cada dín d'os mariñeiros á sua maneira lle buscaba as voltas, y-ela por ningún s'acrababa. Con Manoel ría e parolaba a desfacerse, diante de Chuco baixaba os óllos, e toda s'alendraba.

Pasou o caso cando Manoel e Chuco saíron ó mar n-o mesmo barco con oito homes máis. O barco era novo e foron á despedida vellos, nenos e mozas, y-antre eles Carmelita que non

separaba os óllos de Chuco, nin Chuco d'ela. Foron as miradas unha promesa d'amore, e Chuco bogou con más forza que nunca, cheo de vida.

Non se soupo bén nunca, porque estas cousas non se saben bén endexamais. O mar estivera calmo, e batía un poueo de Nordeste. Fixéranse dous bos lances n-a illa, y-o barco voltaba pra terra cando caía o sol, con toda a vela pra aproveitar as frias. Debeu ser com' un lostrego a nortada, a escota non correu a tempo, a carga foise a unha banda, calquer cousa, o conto foi que d'un soillo batido o vento dou volta ó barco y-os homes fóreronse ó mar co'a sorte de se poderen por a salvo n-a quilla.

Xa todo se cerrara d'escuma, e rompendo avantaban as augas. Non se vía un barco, zoaba o vento y-a noite chegaba. Foi estoncos cando Chuco, o más forte nadador de todolos xeiteiros, botouse ó mar confiado e surrindo a buscar en terra axuda pr' os probifios que ali se quedaban engarrados no barco deitado n-as olas. Todol-o viron loitar, avanzando en longas brazadas con toda seguranza e ninguén dubidou que conseguise o proposto.

O tempo pasou en balde, e n-a noite coidaron os mariñeiros morrer moitas veces, mollados y-esmorecidos de frío. Pol-a mañán unha motora topou o barco perdido e salvou os nove homes.

Aquela misma mañán apareceu Chuco morto n-a area de Beluso despois de nadare cinco millas: o seu esforzo fixo sostener a esperanza n-os que quedaban n-o cativo amparo d'as madeiras do barco. Os probifios salváronse y-o mozo forte morreu.

Non pasou un ano e Carmelita sempre meiga e beiladora casábase con Manoel, de cote finiño e churrusqueiro. E certo que co'a lembranza de Chuco pódese decir qu' os fortes dan compasión ás veces e que non está de más o pregar por eles.

ANTÓN LOSADA E DÍEZ GUEZ

Pontevedra-Mayo-1921.



NOTAS DE VIAJE

VIGO: A CIBDADE



DEMIRAMOS todos, com' unha obra filia do esforzo e más do entusiasmo, reveladores de fértils enerxías, o progreso rápido da cibdade viguesa. En todos os aspectos da vitalidade d'un pobo, no qu' imprica forza autuante e forza en potencia, Vigo háchase en condicións envexabres. Como mercado d' industria e comercio, é, por dereito propio,—adequerido por asimilazón un pouco ficticia, más frutuosa niste caso, d'hábitos estraxeirizos,—o primeiro na Galicia. Dendes d'a industria conservera hasta as más cativas manifestacións da concurrencia do traballo, todo en Vigo da a sensación d'un rexurdimento vital, de cibdade qu' avanza confiada na decisión da sua vontade e na eficacia das suas propias enerxias. Eis as súas rúas nóvas, as suas construcións modernas suntuosas, as suas espréndidas vias qu' alongan cada vez más a cibdade, invadindo os límites y-a gándara; a sua rede de tranvías urbáns en aumento constante, os seus medios locomotrices de comunicación cos pobos vecineiros, os seus proyectos, finalmente, de grande importanza, entr' os que figura o de roubar ó mare un bo anaco pra ensanche da cibdade. Trátase d'unha empresa formidabre, quizais pantástica á primeira óllada, como xenerada ó fin no círculo d'un artista xenial; mais cuia realización non

sería imposible pr'a tenacidade y-o tesón dos vigueses.

N-iste senso non hai más que lle pedir a Vigo; non é hoxe tan soilo unha esperanza, a cibdade do porvir, a urbe futura atlántica, onde axuntarase o dualismo de forzas, a espiritual e a material, qu'autua nas sociedades e simultanease nos pobos pra imprimire carácter e robustecere a personalidade colectiva; é unha realidade en marcha, en marcha ascendente, enxendrada por un espertamento integral d'autividades, empuxada por un fervore de vitalidade qu' acugula en todo o orgaísmo cibdadán. Vigo chegará a ser, no orde material, todo o qu' as chamadas forzas vivas propóñanse, e se non propodrán acometeren o imposible ou o ausurdo, porque d' elas é o senso práutico.

Mais, abonda co isto pra facer unha gran cibdade? A intensidade nos negócios, a magnificencia na pedra, a fastuosidade nos edificios, gabondan pra crearen a cibdade, a «civitas», o nícreo centralizadore da personalidade e da cultura, selladas por unha arela interiore, polos desacougos da vida espiritual? Porque antr' os más sinceros admiradores da puxanza progresiva de Vigo hai unha vintena d' homes qu' ó internarnos na súa vida espiritual, sentimos, coa sensación da estraneza, o frío da desilusión. Hai na cibdade da Oliva unha desigualdade moi ostensible entr' a sua febre mercantil, entr' a sua grandeza material, doada pra novas amparacións pola concentración do esforzo niste finco aspecto, e o reducido e precario do seu desprazamento espiritual. A preponderanza do «bussines is bussines», furtando a atención víxante ós outros intereses da cultura, non é un

feito que poida pasare inadevertido ós que concebimos a «civitas» ó xeito de Fustel de Coulanges, com' unha suprema entidade orgánica, com' unha converxencia ou calladura dos valores espirituais dos pobos.

O prurito d'asimilación do esótico sin un cultivo atento da propia persoalidade espiritual, acusa, polo menos, unha desorientación, tanto máis lamentable n-un pobo que siente, ó mesmo tempo qu'a emoción do benestar, a outa cobiza de grandes conquistas materiais; outa porqu' asentase na virtualidade do esforzo propio.

Un pobo pode s'asimilare do estranxeiro aquello que resultelle porveitoso, mais sin perder das súas íntimas peculiaridades e do seu xenio autóctono. Pode aspirare ó cosmopolitismo sin perder as súas carauterísticas esenciais. O cosmopolitismo non impide a afirmación dos valores psicolóxicos propios, como o privativo non escruye o esótico. París, cibdade cosmopolita por excelencia, centro d'atracción pra medio mundo, onde o boyante turismo hispano-americano tén a súa Meca predilecta, será de cote unha cibdade francesa, con perxenio e alma franceses, y-endenantes que perder nada do seu carácter específico pol-a infuencia d'elementos étnicos estranos, istos serán absorbidos por aquél.

E ainda iste mimetismo qu'ousérvase no Vigo non se pode incrustar entr' as valorizacions culturais, e polo tanto d'esprito e de carácter; non afecta ó esencial, non remove o esprito y-a

concepción n-un senso direutriz ou normativo. A unha velra o remedio de sistemas e procedimentos no que toca á vida mercantil—plaxio moi prausible, porque supón un adianto nos costumes rutineiros dos nosos homes de negocios—non acerto a comprender que sexa unha adquisición d'importancia, nin útil nin bela, o feito d'andar aprésa pol-as ruas, un pouco teso o corpo e o ar un si é non é británico, movendo os brazos como dous péndulos lateraes, o continente ergueito, o traxe á ingresa e sin abrigo un día de xiada, como signo de forteza saxona. Nin o comprendo nin sei que relación poderá ter esa ousación imitativa co progreso vigués.

Isto, superficialmente, parece non ter importancia. E ten-a. Porqu' isas illanás postizas non son un valor. Un pobo próspero e rico sin persoalidade, sin valores culturais, desentendido da vida ideal, é com' unha muller fermosa, mais... sin corazón. Eso é o que percisa Vigo: creare a súa persoalidade como poboazón galega, forzar a súa vida espiritual. Como a Cruña, por exemplo, necesita algo d'aquela autividade e d'aquela disposición voluntaria pra o mundo dos negocios. E os qu'ademiramos Vigo e n'l óllamo a gran cibdade do porvir, a gran urbe da futura civilización atlántica, quixéramos óllare tamén, á veira do seu froacemento económico, o froacemento do seu esprito e o callamento da súa cultura.

ROBERTO BLANCO TORRES

GALIZIA CÉLTIGA

(CONCRUSIÓN)

IV

A civilización dos antigos Celtas

A sociedade céltiga

Pra nos aforrámolas citas n-iste curto resume qu'imos faguer, diremos d'unha vez que nos temos servido dos capítulos III, IV, V e VI do *Manuel Celtaque* de Dottin, e máis de traballos de S. Reinach (*Orpheus, Cultes, mythes et religion*), Bertrand (*Les Druides et le Druidisme*), Fustel de Coulanges e d'Arbois de Jubainville.

Fustel de Coulanges dona unha ideia de conxunto da sociedade gala, n-estas verbas: «molto peisanos e pouca clás urbana; moitos homes xunguidos ó chao, e poucos donos d'il; moitos servos e poucos amos; unha plebe co'a que se non conta, druidas moi venerados, unha aristocracia guerreira moi podente.» S'a todolos países célticos se pod' apreciar esto, é cousa que se non pode decir con seguranza.

Os Celtas, igual na Galia Cisalpina que na Trasalpina, na Bretaña insular que na Hibernia, formaban unha chea de pequenos Estados (antigas tribus); a miúdo faguéndos a guerra os ús ou outros. Iste Estados eran reinos ou repúbli-

cas, tiñan un *senado* de nobres e *magistrados* pra se gobernaren, e nos casos graves, decidía a moitidume axuntada en asamblea. Porén, os pobos célticos sentían a concencia da sua unidade de Raza y-achábanse prontos a s'axuntar en contra do nemigo común. Formaban entón confederacións temporás ou permanentes, que pra dirixilos na guerra desíñaban un xefe que ás veces obtíña a dinidá real. Talmentes socedeu con Vercingétorix na Galia, e cecais con Viariato na Lusitania.

A clás guerreira (*principes, equites*) era, c' os druidas, dona de toda a riqueza e de todal-as dinidades. Cada nobre tiña unha numerosa *familia* composta de clientes, *ambacti* y-escravos. Os clientes eran os seus compañeiros d' armas qu' o servían na guerra; os *ambacti* séica eran com' escravos que cobraban soldada, y-os escravos eran probablemente prixeiros de guerra. Había pois, na plebe homes libres (chamados en Irlanda *soer-chéli*) y-outros que non o eran (chamados en Irlanda *doer-chéli*).

D'Arbois de Jubainville sostén que non existía antr' os Galos a propiedade individual da terra; as fertunas consistían en gando y-en ouro. Fustel de Coulanges opón a esto un tésto de César onde se fala d' un pleito por partixas. Mais o tésto parés que se refire a unha cuestión antre pobos... En Irlanda, a terra era en principio da tribu; unha parte era pr' o Rei, que podía repartila antr' os seus oficiais y-o resto ocupábanlo os homes da tribu en comiu ou individualmente en precario. De todol-os xeitos, na Galia os Estados tiñan grandes propiedades territoriais.

En ningún país céltico había grandes centros de poboación. Os Celtas vivian espallados pol-a campía en aldeñas pequenas, qu' os romanos chamaron *vici* y-hastrá en casas isoladas, que César chama *aedificia*. Na Bretaña insular, qu' estaba moi poboada, os *vici* e mailos *aedificia* eran moltisimos; mais nin elí nin en ningures, houbo verdadeiras vilas enantes da conquista romana.

En tempo de guerra, os Galos acollíanse en sitios fortificados chamados *oppida* (os nosos *castros*) sorte de campos atrincheirados, defendidos por un foso qu' arrodeaba un cerco de terra, ou ben unha muralla de grandes pedras. Elí construíran cabanas provisionais pra iles e más pr' o gando. Había algúns d' istes *oppida* —chamados *dun* en Irlanda—que tiñan ademais habitadores permanentes.

Vida material

Os Celtas vivian en casas, o máis común de

madeira ou de canas, ás veces recubertas de barro, de figura redonda, c' unha soia porta e con teito cónico coberto de colmo.

Sentábanse e durmían en leitos d' herba e xantaban en mesas baixas. Usaban vasos de barro, de cobre e de prata. Comían moita vitela e pouco pan; guisaban con grasa de porco e tomaban moito leite e queixo. Bebían unha cerveza feita con trigo e tamén hidromel, mais levaban viño d' Italia, y-os ricos era o que bebían.

Os vestidos eran unha túnica curta, con mangas, suxetada c' un cinto de couro adornado con chapas e febillas; as *bragas* ou pantalóns longos suxetos ós cadrís y-un mantelo chamado *sagum*, prendido no hombreiro c' unha fibula, y-ás veces pñianlle unha capucha chamada *cucullus*. Nós pés levaban sandalias especiais, chamadas *gallicae*, atadas con cordos ou correas. As mulleres levaban túnica longa e mantelo suxeto c' unha fibula. Os vestidos facíanse con telas de moitos coores, e levaban bordados, ás veces d' ouro e prata; había tecidos de rayas, que chamaron moito a atención dos romanos. Plínio di que foron os galos os inventores dos tecidos a cadros, hoxe tan característicos dos Escoceses.

Eran os Celtas moi amantes das campas e dos adornos, y-andaban cheos d' anelos d' ouro e de prata nos dedos, nos brazos e no pescoco (*torques*) ás veces de moito peso, coma se vé nos da citada colección do Sr. Blanco Ciceron, de Santiago. Tamén levaban colares de doas de vidro e más d' ámbar.

Homes e mulleres levaban os cabelos longos, y-os homes poucas veces se deixaban a barba; o máis común, o bigote soio. Perfumábanse c' o «nardo galo», sacado da *Valeriana céltica*. Os Bretós levaban tamén tatuaxes e pintaban o corpo d' azul.

Os Celtas eran bos labregos. Collían trigo, verduras, mazás, plantas testís. Moitas medidas agrarias dos romanos son d' orixe celta: o *candetum* (cadrado de cen codos ou cento cincoconta pés romanos de lado), o *arepennis*, (de 120 pés de longo e 110 d' ancho), a *lenga* (legua).

Tiñan moito gando: bois e vacas, ovellas, porcos sobre todo, e mandaban pra Italia xamós salgados que tiñan moita sopa. Tamén facían moi bó queixo, y-os de veíramar salgaban peixe, que mandaban tamén pra Italia.

As industrias más adiantadas dos Celtas eran a metalurxia, e más a frabicación de vidros y-esmaltes. O comercio d' exportación ós países mediterráneos era principalmente de peixe salgado, xamós, queixo e lá. D' Italia tragúian

viño. Os países célticos comerciaban moito os ús e os outros por mar, ó longo das costas da Galia y-a Bretaña y-o Norte y-Oeste da Península Ibérica. Tamén comerciaban os países nórdicos.

Cultura

Os autores antigos nunca deixan de recoñecel-as boas disposicións dos Celtas pr' os estudos, y-en xeneral, téñenos por xente intelixente. Catón e máis Agrícola din qu' eran moi dispositos pr' a elocuencia e que se lles daba moi bén o falar con elegancia.

Parés qu' os nobres recibían unha educación regular por mau dos druidas. Mais, a clás intelectual nos pobos célticos constituiana os *Bardos* os *Druidas* y-os *Ovatos*.

Os Bardos eran os poetas que cantaban lles mesmos as suas propias composicións, acompañándose c' unha sorte de harpa, chamada na Britania, *chrotta*. N-esas composicións cantaban os grandes feitos dos homes ilustres, as tradicións nacionais, louvaban ou aldraxaban os seus contemporáneos. Os bardos vivían na corte dos principes e dos grandes, y-eran moi respeitados.

Non coñecémolos poemas bárdicos da Antigüidade. Os poemas bárdicos que chegaron a nós sufriron novas redaucións na Edade Médea, baixo da influenza das ideias cristianas. Eles conteñen, porén, ben elementos antigos. En Irlanda hai os *Anales*, compuestos no século XI da E. C., y-a epopeia redautada antr' os séculos VII e IX. A epopeia irlandesa comprende tres ciclos: o que conta tódal-as invasións d'Irlanda (*Leolar Gabala*); o que conta as aventuras do héroe Cuchulainn (*Táin Bó Cuailnge*) y-a leenda de Find e d'Oisin. No País de Gales hai as crónicas traducidas por Geoffroi de Monmouth no século XIII, os *Mabinogion* ou novelas de cabaleiría, y-as odas, que son dos séculos XI e XII. Os Bretos continentais non teñen máis que literatura cristiana moi moderna.

O se ter redantado tan tarde istos poemas e leendas, non quer dicir qu' enantes non existisen, máis conservábanse por tradición oral. Tocantes á escritura dos antigos Celtas, sábese pouco. Os antigos din qu' os Druidas empregaban as letras gregas; as inscripcións galas están en carauteres nordetruscos, gregos ou latinos. Mais nas Illas Británicas, a escritura *oghdmica*, feita con puntos e rayas, atribúyese os Celtas, y-esta escritura ben poidera ser derivada da de como se desprende dos traballos de Mr. Rivett Carnac e do P. Fita. Tamén se lles atribuye a escritura *runica* empregada logo polos xermanos.

Os Druidas eran unha caste adicada á medi-

NOS

tación y-ó estudio dos segredos da natureza da fonda sabencia dos que, falan con respeito os autores antigos, poñendoos en comparanza cos Brahmanas da India, os Magos de Caldea, os Gimnosofistas do Exipto e os demás castes de sacerdotes iniciadas. Respeitábanos moito os Celtas; non iban á guerra nin pagaban impostos; fagulian de xueces, interviñan nas funcións de goberno e nas ceremonias relixosas.

Os Druidas ensinaban a imortalidá da y-alma, a trasmigración, a astronomía, as leis da natureza, a fisioloxía, a teoloxía y-a moral. Practicaban a adivinación polos números, polos astros, pola hepatoscopia y-os auspicios; practicaban tamén a medicina y-os feitizos. Educaban á mocedade e dáballe unha instrución oral qu' lles tiñan que coller de memoria, e que, compreta, duraba vinte anos.

Como tiñan un gran instinto d'imitanza, os Celtas adoutaron bén a civilización romana, e déronse con proveito ó estudio das letras latinas, ás que chegaron a dar mestres da talla de Virxilio, Trogo Pompeyo, Petronio y-outros autores de sona. Mais a influencia gala nótase nos autores latinos da decadencia, coma a influencia ibérica nos da chamada Edá de Prata. Virxilio, porén é da Edá d'ouro, e se ben se mira, é ben celta; así s'esprica a preferencia que tiñeron por filos letreados medios.

Relixión

Os autores antigos e máis as fontes epigráficas danos a coñecer un sin fin de nomes de divindades célticas, a maioría das que deben ser divindades locais, formas antropomorfizadas dos antigos *totems* dos clanes célticos. Salomón Reinach comprobou nos cultos celtas unha chea de sobrevivencias totémicas. D'Arbois de Jubainville dedicou un traballo ós deuses galos en forma d'animás. Coñecemolos totems dos principais pobos célticos: os Galos tiñan com' enseña guerreira un porco bravo; os Kimris, un dragón. Outros animais sagrados eran o corvo, a cobra, o galo, a águia...

Polos demás, os autores antigos, polos afán d' identificar os deuses dos outros pobos cos seus propios, armaron unha confusión tan grande, que caxeque nada se pode enxergar nos seus testos sobre da relixión dos antigos Celtas. Somentes nos dan os nomes célticos dalgúns deuses coma *Taranis*, *Tentates*, *Héesus*, *Ogmios* e *Andate*.

Pódese señalar nos Celtas a tendencia d' axuntar os deuses por triadas; o emprego de certos sinos simbólicos como a *svástika*, a roda, o S ó ríves y-o machado.

Os Celtas nin tiveron templos nin estátuas antes da época romana. As cerimonias fagüianse en lugares sagrados (*nemeto*). Veneraban ás pedras, ás fontes, ós arbres. O seu arbre sagrado era a enciña, e tiñan bosques d' enciñas qu' eran sagrados. Ofrecían ós deuses libaciós e sacrificios. Ás veces, sacrificios humans; recitaban oraciós e celebraban danzas rituaes. Eran moi xeitosos pr' adivinal-o porvir nas entrañas das vítimas, nos sonos, nos agoiros, no voo dos paxaros, especialmente as águias y os corvos; tamén interrogaban ás almas dos mortos.

Creían os Celtas na inmortalidá da y-alma, hastr' o punto de s' emprestar diñeiro pra volverlo no outro mundo, e de se suicidar por causas relixiosas. Esta ideia viñéralles sen dúbida, dos Druidas, os que profesaban unhas doutrinas filosóficas e relixiosas moi superiores ás do vulgo, e' unha teogonia y' unha cosmogonia das que, os autores antigos non tiveron más que moi vagas noticias, xa que probablemente lle non-as comunicaban ó común das xentes, e, no caso, menos o farían ós extranxeiros.

Caraute moral dos Celtas

Os Celtas eran moi relixosos, valentes e bós guerreiros, xustos e xenerosos. Eran moi acolledores e moi osequiosos c' os forasteiros; disputaban a quen levase á casa un estranxeiro, e miraban com' amigos dos deuses ós qu' andaban en com saña co' iles.

Eran amigos de botar por ela, soberbios e provocadores. Batíansi por calquer ofensa. Eran tamén amigos d' andar pol-a nóva, xusgaban as cousas por impresión y' arrepentíanse logo. Procedían por arrautadas, e na guerra descorzoabanse aixiña co' as derrotas. En troques, gustábanse portarse heréticamente, non curaban as feridas que recibian, y enantes que caír prixeiros, matábanse.

Coma todolos pobos antigos, eran crueles na guerra, e tiñan o costume de conservalas cabezas dos nemigos mortos. Combatían a pé a cabalo y en carros de guerra, e levaban ás veces á guerra ás mulleres.

As mulleres eran moi respeitadas, e moitas veces tomábanas coma árbitros nas custiós graves. As mulleres reinaban e desempeñaban as maxistraturas.

Tal é o que nos di sobre dos antigos Celtas o estudo das fontes clásicas en comparanza cos datos da arqueoloxía céltiga. Os autores ós que seguimos fan demasiado pouco caso das fontes célticas e mais dos traballos dos investigadores

da primeira escola celtista, dos que ainda quedan moitos, por fertuna. Curándonos en salú, nós temos utilizado principalmente, autores que non deixaremos de calificare coma hipercriticos. Quixémonos manter nos límites da meirande prudencia estórica.

V

Os Celtas na Península Ibérica

Hoxe aparece probado pol-a interpretación dos testos antigos, pol-a estensión dos nomes célticos, e más pol-a das necrópoles con civilización netamente celta (tipos de Hallstatt e de La Tène I) que a nosa raza chegou a ocupar un tempo a maior parte da Península: toda a banda oucidental (Galiza e Portugal) e más a Meseta Central, y esta domedación durou dende o século VII hastr' o III enantes de Xesús Cristo.

A primeira época, ou sexa a da sua chegada, discútense moito. Supónse que foi posterior á dos fenicios, y hastra fai pouco tempo, pouco menos que conviñan todolos autores en poñela no século IV enantes de X. C. O argumento principal pra poñela tan baixa, é que o Periplo de Himileon, do século VII, reproducido no poema *Ora marítima* de Rufo Festo Avieno(1) non fala de Celtas na Península. Así pensan D'Arbois de Jubainville, Garofalo (anque observa que o Periplo de Himileon refirese ás costas, e que podía haber Celtas no interior, e que cecais s' ocultan elementos célticos baixo dos nomes de *cempsi*, *sacres*, *gletes* e *celsianos*), o P. Fita e caxeque todolos estoriadores hispánios.

Mais compre termos en conta que no século V, Herodoto, o máis antigo testemuño da presencia dos Celtas na costa atlántica, chama á Península, *Keltike*. Hastra d' agora se non fagüia aprecio d' iste testemuño, fundándose en que Herodoto estaba tan mal informado, que puña as fontes do Ister (Danubio) no extremo Oeste da Europa, decindo qu' os Celtas co' a sua vila de Pyrene (Pirineus?) estaban ond' iste río. Mais hoxe, novas investigacións venen a confirmal-o testemuño de Herodoto, y este volve a ser tomado en conta.

Esto fai qu' os investigadores modernos teñan a tendencia de dar pr' a chegada dos Celtas á Península, datas molto más recuadas qu' a do

(1) O Sr. Fernández Alonso, no seu libro *Orenseiros* pone antr' iles a Rufo Festo Avieno, que foi pró-cónsul d' África no século IV despois de Xesús Cristo. Fíndase en ser chamado Avieno, como orixinario da comarca do Avia. Sinala nas inscrições romanas de Galicia moitos nomes xentilicios coincidentes cos que levaba o disentidismo autor de *Ora marítima*.

século IV en. X. C. Unha das meirandes autoridades en Protoestoria da Península Ibérica, o francés Louis Siret, dí que foron os Celtas os que trouxeron a Iberia o traballo dos metais. Efectivamente, nótase na Península unha súpeta interrupción da civilización eneolítica, substituída por outra absolutamente nova, na que aparecen

Ora marítima. Pol-o tanto, na época de Herodoto e Himileon, no século V, estaban xa os Celtas na Península; Herodoto y-Avieno danno o termo *ante quem:* ano 500, da chegada dos nosos abós; Hesiodo da o *post quem:* ano 700. Esto é concordante c' o que, asegúrn o sincronismo de Tito Livio, parte dos Celtas invadiu a



A Península Ibérica polo ano 500 en. X. C. (Schulten)

os enterramentos en sarcófagos individuais; sinos com' o phallus y-o altar bicornuto, coincidiendo cos cultos galos asegún conta César; as alabardas e más as espadas d'embudo e d'antenas, com' en Irlanda, Escocia, Scandinavia y-Alemania, y-unha cerámica negra e lisa igual qu'a da Europa Central, a de Bohemia especialmente(1).

Adolfo Schulten, na sua obra xa citada, toma en conta o testemuño de Herodoto, e trai outros de Hecateo de Mileto, Ephoro, Timeo y-Aristóteles, que chaman coma Herodoto *Keltike* á Península. Schulten dá coma célticas as poboados *camps*, *saeves* e *berybrates*, da fonte antiga d'Avieno (períplo de Himileon) coincidindo n-esto c' o indicado por Garofalo respecto do

Provenza na época da fundación de Marsella (ano 600 en. X. C.) E coma deberon levar tempo en s' adonar de toda a Meseta, eles deberon chegar moiante da fonte d'Avieno e de Herodoto, o que ven a ser en números redondos pol-o ano 600(1). Xa deixamos indicado com' as conclusións de Schulten son confirmadas pol-os achados arqueolóxicos.


Outra cuestión que s' apresenta é a da orixe dos Celtas peninsulares, e más o camiño que trouxeron. Schulten dí qu' os nosos Celtas eran unha rama antiga da familia galo-celta, diferente dos galos que botaron ós iberos do S. de Francia no ano 400 en. X. C. No S. W. da Galia hai civilización de Hallstatt, traxida polos

(1) Louis Siret, *Nouvelles campagnes de recherches en Espagne. La fin de l'époque eneolithique*; en *L'Anthropologie*, t. III, Paris, 1892.

(2) Esta do ano 600 é exma se vé, reducindo moiante as datas. Himileon y-Herodoto tiveron noticia dos Celtas coma d'un pobo afincado xa na Península coma s'estiveran n-ela de molto tempo atrás. Ben podían levar máis d'un século.

Celtas, e correspondente ós séculos VII e VI; y ó S. E. hainas de La Tène, dos Galos dos séculos V e IV, que falla por compreto no S. W., o nome de Celtas sendo ademais máis antigo qu' o de Galos. D'Arbois de Jubainville dí qu' os Celtas da Península eran da rama galo-bretona, e que viñeron das Illas Británicas. Qu' eran d' unha das ramas máis antigas da familia céltiga, parece confirmalo a denominación de *Celti* ou *Celtici* que costantemente ll' aprican os autores antigos. Cecais n'esto se funda Murguia pr' indicar qu' os nosos abós pertencian á rama *Kymrica*(1).

Tocantes ó camiño que trouxeron, o P. Fita,



A Península Ibérica polo ano 250 en X. C. (Schulten)

comentando a d' Arbois de Jubainville, dí qu' os Celtas viñeron da Galia polo Pirineu, deron nome ó río *Gállego*, que vai ó Ebro, e máis ó *Gallo* que vai ó Taxo. Ocuparon a Celtiberia, coma dí Lucano; dend' o Guadarrama, onde fundaron a Segovia (*Segobriga*), dividíronse en duas ramas: ó N. *Galegos*, antr' o Douro y o Cantábrico; ó S. *Beturios* por achárense perto

(1) Non falamos ainda da pretendida división dos primitivos Celtas en duas ramas: *Kimeris* e *Galebreis*, que foi sostida por Thierry e Bertrand. Dechelette combatea n'unha nota e Dosttin non fai mención d'ela.

do Betis(1). Mais d' Arbois sostén que viñeron das illas Británicas polo mar, e igual pensan Hirt e máis Philippon, que suposan chegaron directamente a Galicia, en pequenos grupos y-en datas sucesivas(2). Schulten, en troques, dí que non puderon ir máis que polo Pirineu, sendo o seu camiño ó longo do Atlántico ó W. da meseta francesa, tendo andado errantes por aquela costa. O camiño supón que foi por Roncesvalles, logo por Pancorbo a *Succatium*, logo a *Deobriga*, val do Pisueña e Douro abaixo hast' o mar. As poboacións ligureas habitadoras d'estas rexións, foron rempuxadas car' á costa cantábrica ond' a poboación seguiu sendo ligurea (*vascones*, *cántabros*, *astures*)(3) e máis car' ó S. W.

Das vicisitudes dos Celtas na Península, fai Schulten unha hipótese que vai sendo confirmada pola concordancia dos datos da Arqueoloxía coa interpretación dos testos antigos, coma fai notar Bosch Gimpera en diversos traballos, ond' a resume con moita arte(4).

Siñala Schulten as fronteiras da ocupación céltiga na Península do xeito seguinte: a do val do Ebro vai indicada por *Augustóbriga*; a de Levante por *Nerónbriga*, *Arcóbriga* (val do Xalon),

Contrebia (val do Xiloca) e *Segobriga* (chao li-

(1) P. Fidel Fita, reseñando o tomo XII do *Cours de Littérature celtique* de H. d' Arbois de Jubainville no *Boletín de la Academia de la Historia*, tomo 40, páx. 529.

(2) Véxase A. Ballesteros, *Historia de España y su influencia en la Historia Universal*, tomo I, páx. 151.

(3) Hai quen pretende que a poboación de todo o Norte hast' os Pirineos era céltiga, Cántabros y Astures incrusives, mais as investigacións máis recentes parecen indicar que non hai tal. A ausencia de topónimos célticos en toda a banda, dend' o límite dos Artabros é caxexa decisiva.

(4) Véxase *El Problema de la Celtíscica Ibérica e Últimas investigaciones en el Alto Aragón*, antr' outros. O segundo foi publicado na *Revista Histórica de Valladolid*.

toral); a d' Andalucía en Serra Morena por *Miróbriga, Nertóbriga y-Arcobriga*. Nas serras asturianas e cantábricas non hai nomes celtas.

No mapa n.º 1, os países ocupados no século VI pol-a nosa raza son os que quedan á man esquerda, ou sexa ó W. da liña de cruces. O Leste, están os ocupados por xentes iberas e ligures.

Vén a deducir Schulten que os Celtas tiveron que loitar c' os Iberos por duas veces, en épocas diferentes, e cecais pasando no medio moitos anos; primeiro botáronos de Cataluña e do val do Ebro, e logo, espulsádolos Iberos do S. de Francia polos Galos, invadiron a meseta ocupada polos Celtas.

Efectivamente, com afirma Bosch Gimpera, os autores antigos, hast' o século III enantes de Xesucristo, falan no Centro y-Ocidente da Península, dos *Saeves, Cempai e Berybrates*, pobos celtas; os *Cynetes*, ligures ó S. de Portugal, y-as diferentes tribus ibéricas na Andalucía e costa oriental da Península, dend' o río Anas hast' Ampurias. Dend' eli, estaban os Ligures misturados c' os Iberos. Logo, dend' a segunda mitade do século III Eratóstenes, Timeo y-outros dicen que na Meseta viven as mesmas tribus ibéricas que logo conñeceron os Romanos nas suas guerras, o qu' indica un cámbio na poboación do interior. Iste cámbio foi o qu' indica Schulten.

Despois da expulsión dos Iberos do S. da Francia polos Galos—que foi o derradeiro gran

movimento dos Celtas, que chegan (coma deixamos dito nos capítulos anteriores) no século III ás portas de Roma, y-hastras a Asia Menor—os Iberos botados d' aló, principian a entrar no Centro da Península. Dend' o val do Ebro avanzan os Iberos e van ocupando a Meseta, arremuxando ós Celtas car' os currunchos montañosos do N. W. e S. W. e das serras do interior. Entón é cando os testos dan xa os nomes das tribus ibéricas da época romana: *Carpetanos, Oretanos, Vettones, Vacceos, Celtiberos*. Somente nos sitios extremos ficam restos dos Celtas: na Galicia, *Celtici e Callacici ou Gallaici*; no Algarbe, *Celtici*; ó N. E. e S. E. da Meseta, *Berones e Germani*. Algunhos restos célticos deberon ficar tamén en Castela, misturados c' os Iberos nas tribus dos Celtiberos. Iste non son coma supúñan un pobo ibérico doméñado polos Celtas, senón ó contrario. A Meseta toda y-hastras o Centro do qu' é hoxe Portugal romataron por seren iberizadas de todo. Esti, é no século III cando os autores principian a falar d' unha Iberia pois enantes, a Península chamábase *Keltike*, dos Celtas.

O mapa n.º 2 representa o estado étnico da Península a medios do século III. En comparanza c' o anterior, amóstranos os movementos da nosa Raza na Iberia, a que por tres séculos o menos formou parte do grande imperio céltigo.


VICENTE RISCO





(Fot. Samaniego)

RETRATO Ó CARBÓN
POR
FARRUCO LAMAS



BRUA O MAR!

(A flor do inverno é de neve, o azul do ceo, embaçado,
na Mai-Terra aterecida tén un canto amargurado.)

*Brua o mar! As ardentías escáchan-se nas rompentes,
e os cons varudos agachan as suas cristas trementes.*

(Trema o salgueiro dolente sintindo o beijo do gío,
e un alongado lamento sóbe do leito do río.)

*Brua o mar! As furibundas olas en ingente traça
érguen-se outas e soberbas n-unha espantosa ameaça.*

(Do carballo a fortaleça arripia-se co a friaje
nos cumios ispidos prende a tristura do paisaje.)

*Brua o mar! Cada bruido é unha cega imprecación,
cada ola que se desfai, un berro de maldición.*

(Pol-a terra andan as almas a padecer e a chorar;
mas nas rias e nas furnas, cons e barras, brua o mar.

*Brua o mar! Doente, tolo, con pavorosa tolemia
A inmensidade é unha moura e horripilante blasfemia.*

Luitadores!

*A luz do lóstrego alumia
a rua pr' ónde camiña o nóso esforzo lanzal:
sejan nósas almas brancas como o claror da alba escuma
que o nordés revolve airado nas mourenças do peiral.*

Fortes e albos, como o mar!

VICTORIANO TAIBO

O MERCADO D' ORIENTE



último mandou a «Asociación de Fabricantes de Tejidos de Lana de Sabadell» pra estudial-as condicíos dos mercados d'Oriente. A seguida publicamol-as perguntas y-on estrauto das respostas:

—¿É Rumanía nación que pol-as suas condicíos especiaes de consumo e producción poda consumil-os produtos hespañoles?

—Ó meu xuizo poucos países d' Europa offeren pr' elo condicíos tan ventaxosas. Rumanía é un país esencialmente agrícola; a sua produción estriba principalmente en tres artigos: *graus, petróleos e madeiras*. A industria rumana tén unha vida lánquida y-ainda que denantes da guerra, comenzaba a industrializarse o país en pequena escala, os enormes sacrificios da campaña y-agora a obra de reconstrucción, deteñen aquela iniciación industrial. ...Crao que debimos d' aproveital-os primeiros momentos que seguiron á firma da paz; entón Rumanía, esgotada materialmente, sentia vivísima necesidade de produtos manufaturados. ...Sin embargo, non é tarde si se emprende unha labor seria y-organizada.

—¿Qué produtos poderían ser consumidos y-en mór cantidad?

—Dende logo os tecidos y-os fiados: son produtos moi acreditados n'iste mercado, ond' eran enviados enantes da guerra, somentes que, desgraciadamente, con marca estranxeira, tod' a industria catalá, a máis afín d' entr' as hespañolas ó Oriente, por razóis étnicas e xeográficas atoparía en Rumanía boa acollida. A industria metaltúrxica, a conserceira (moi importante), a produción aceiteira, os nósos zucres, os riños

(istes en menor escala), o pimentón murciano, sederías, industrias d'Eibar, etc.

—¿A industria de tecidos en xeneral podería dar resultados positivos o seu intento d'esportación en Rumanía?

—...Os produtores hespañoles que dend'o ano 1918 visitaron istes mercados, foron fabricantes de tecidos casi todos, coincidiron en apreciar com' on mercado moi importante pr' á industria de tecidos, o mercado rumano. Si o éxito non-os acompañou en algunhas ocasiós non foi certamente por retraimento dos compradores, senón más bén, por defecto d' organización. O comercio d' esportación a Rumanía, tén qu' establecerse sobre bases sólidas. Esfí fixeron ingleses e franceses. O sistema de expedicións aisladas soilo proporciona relativos resultados y-ainda istos moi incertos. E deica o momento presente, o comercio hespanol en Oriente foi un comercio de «feira».

—¿Existe actualmente industria laneira ou algodoneira en Rumanía?

—En realidá, podo decir a vostedes que non porque as duas fábricas qu' existen en Chuga e Bulusis arrastran unha vida lánquida e non poden loitar contr' a competencia estranxeira...

—¿Hai outras naziós en Oriente que reunan millores condicíos pr' o logro da nostra espansión comercial?

—Non-o creo;... «as suas afinidás étnicas e filolóxicas con España; a facilidá de chegar a ela pol-o Mediterráneo y-o Mar Negro»... «Si iles necesitan da nostra industria, á sua vez ofércennos, *graus, petróleo e madeiras*; por tanto, o viaxe de volta está asegurado.

—¿Qué coñecemento teñen os rumanos da nostra industria? ¿Teñen, respeuto d'ela, preferencia ou prexuicio?

—N-o momento actual, o nome comercial d'Hespanía é d' abondo coñecido en Rumanía antes da guerra... «N-o comercial éramos completamente descoñecidos, e sin embargo, os produtos da nostra industria consumíanse n-o mercado rumano; pero todos, ou casi todos, chegaban él con marcas extranxeiras. Os tecidos c' o «made in England»; as cortizas, c' o «made in Germany»; as conservas con etiquetas francesas. Os poucos meses de firmada a paz varios comerciantes gregos cargaron unhos cantos barcos con pacotilla d'os muelles de

Barcelona, e todo se vendeu como mercancía hespañola. Despois, a febre d'os negócios impulsou a traer ó Oriente toda clas de cousas, sin cuidarse de estudial-os gustos do consumidor, de mimar a clientela. Esi pudo darse o caso de que varias toneladas de cravos e puntas foran reembarcados n-o muelle de Constanza por non servir pr' ás construcións rumanas, e que os nósos esquisitos chiculates, *por defecto de presentación*, non puderan competir c' os chiculates suizos, moi bén feitos con arreglo ó gusto d'iste país, tan pagado d'as apariencias.

Durante istes dous últimos anos, gracias ó esforzo d'os comerciantes catalás que viñeron a Rumania c' os seus muestrarios as nósos mercancías rehabilitáronse, e pra conseguir un éxito completo e imprescindible o que eu xa lles dixen a vostedes: *organización*.

—Os disgustos ocasionados n-as transacions xa efectuadas motiváron-os a especial psicología d'algunha d'as partes contratantes, ou, polo contrario, a falta d'organización adecuada?

—As duas cousas, pero especialmente a segunda... «Por outra, sin esa organización axentada de que vostedes me falan, ¿cómo enviar expedicións normaes, afacer a clientela ós nósos produtos, dar e tomar cretos, n-unha verba: facer un comercio sólido? Fíxense vostedes no que fixeron Francia, Inglaterra e Italia. Iste paísa teñen as suas liñas de navegación, os seus Bancos, caras filias, etc. Esi conquírese un mercado. Y-en canto a facilidades... Inglaterra

está disposta a conceder prazos hasta de dous anos, pr' os pagos, garantizándollos o tesouro inglés dentro de certas condicións, y-hei de decir que Norte América estuda o medio de conceder hasta cinco anos de prazo.

—¿Cales son os produtos rumanos convenientes ó mercado hespañol?

—Graus, petróleos e madeiras.

—Sin o establecemento d'unha línia regular de vapores ó Oriente, é ainda aconsellabre un intento serio d'esportación?

—... Non se pode falar d'intento comercial serio en Oriente, sin pensar en establecer esa línia.

Outra d'as institucións necesarias pr' o próspero desenrollo do noso comercio con Rumanía é a constitución d'un Banco notadamente hespañol en Bucarest...

Unha vez en posesión da línia de navegación e do Banco, poderíamos, como fixeron os italianos, establecer depósitos comerciales en Galatz, Braila e Constanza, regularizando esa a venda d'os nósos artigos y-encauzando a importación en España de mercancías rumanas.

Ademais Rumanía, é o camiño comercial cara Rusia... «O réximen políteco actual de Rusia non pode subsistir...» «Rusia tén que entrar forzosamente n-o concerto comercial d'Europa. ¡Qué enorme perspectiva pr'a industria hespañola!

ARTURO NOGUEROL

ARCHIVO FILOLÓXICO E ETNOGRÁFICO DE GALIZIA

A Santa Compañía

(ANACOS D'UNHA CARTA DO ILUSTRE PINTOR CAMILO DÍAZ VALIÑO, NA QUE SE DÁ NOTICIA D'UNHA VARIANTE DA TRADICIÓN DA SANTA COMPASA, MOI DINA DE SE TER EN CONTA, E NA QUE SE CITA DOIS CASOS D'ELA)

«...unha proba d' un dibuxo que lle fixen a Euxenio Carré pra unha obra d'il.

»É a Santa Compañía. Teña a seguridade que no adro de Bries, que foi priorato benedictino n-outros tempos, eu vína unha noite... Levaban o corpo de Ruy Díaz d' Andrade, qu'esquil-

mara ás xentes d'aqueles contornos... Eu falei c' o priore, e dixome que Ruy (meu parente) iba vivo na tumba, solasmente que non se podía movere, e que o sacaban en Compañía todal-as noites pra escarnecelo e pra vere si lle facían a concuencia, pois nacera sin ela, e cando morreu, ainda n-a tiña. Fora n-os seus tempos señor xurisdiccional d' aquela terra e fixera muitas inxustizas, e encheráos de gabelas. Falando ó priore, dixome pra xustificar a Compañía, que oxe xa non podían quitar n-ela más que ós caelques, pois coma morrian sen concuencia, nin no inferno os querían, por non tela. Eisi

que en canto á forza de quitalos salialles unha pouquifia (que sempre era mala) estoncés, vivía o trasno e levábaos pra os seus reinos.

»Esi é que esa Compañía é a de Ruy Diaz d' Andrade, o Vello, señor que foi de San Martín de Bribes, e non hai que confundila coa que mercou Rey Soto, que aquela é a de D. Lourenzo Martelo, señor tamén do Coto de San Fis de Bixoy que tamén en a vira. Tamén fora un bon homíño (con perdón seia dito das boas xentes de verdade); seica levaban os frades mais de douscentos anos quitándoo en Compañía dia por dia, e ainda oxe o quitan, pois pol-o visto non tiña corazón nin concencia, y-hastrá que lle sayan, téñeno que levar dend'a iglesia hastra o cruceiro...

»Boeno, é mentira e mala, mais xa se ve que sei mentire, *nada más que dibuxando*, e esd e todo querer que os homes esi debían de quitalos n-a Compañía?»

CAMILO DÍAZ VALIÑO

**

Posteriormente, Camilo Díaz confirmounos a existencia n-aquelas terras, ainda oxe das duas tradicións apuntadas na sua carta, as que son correntes nas xentes da aldea. Elas difréncianse d'abondo da versión da Santa Compañía corrente no val ourensán do Miño, que seica é onde mais se dá a dita creencia, y-esto dalles pol-o tanto un meirande intrés.

CXI

O mundo dos Jinas⁽¹⁾ e máis os tesouros encantados

1. No partido do Carballedo, á parte Norte, hai unha aldea chamada Xurenzás nome que, según referencias, venlle d'unha heróica loita antre dous mouros qu'habitaban cada un coa sua familia en dous sitios distintos, mais a pouca distancia.

Un d'eles coñecíase c' o nome de *Zds*, e vivía n-un monte que chaman a *Peneda do Couto*, ond' ainda existen traballos e grabados fermosos de letras descoñecidas.

Y-o outro habitaba onde chaman *Monte Negro*, ond' hai un gran cacho de tarreo posto en

(1) O mundo dos Jinas fai referencia nos seus libros o Dr. Roso de Luna. Os Jinas son as razas escondidas, qu' outrora viviron no mundo. Por analogia con algunas lendas asturianas, pensamos que podemos chamar Jinas—que é como Roso de Luna interpreta aquellas lendas—os nossos mouros encantados.

NOS

especiais condicións pra un caso de guerra: consiste n-unha reunión de murallas de 70 metros de longo aprosimadamente y-a distancia da unha á outra é de 2 metros. A simple vista teñen na sua base o ancho de metro e medio e romantan en puntiagudo.

Dícese que o segundo mouro tiña unha filla, y-o pirmeiro, ou sexa Zás, chegou a se namorar d'ela pol-a sua beleza e n-ese caso, tratou de mercarla ó seu pai, mais este negouse a venderlla por ningún dñeiro e foi tanta a furia do pretendente, qu'en aución de venganza, «encantoula». E vendo o probe pai a situación lamentábele da súa filla, mandoulle un «editum» por un esclavo, onde lle dícia que s'armase e que en nome do seu Deus, saíse ó medio do camiño, onde se xuntaron e loitaron fortemente, quedando Zás como vencedor, o que, collendoo «airosamente» fixolle xurar no seu nome que se daba por vencido; ó que contestou: «sí, Juro en Zds que estoy vencido», e d'elí lle ven o nome ó dito pobo, de *Xurenzás*⁽¹⁾.

Dempois que pasados anos, o pobo era habitado pol-os cristianos, cando xa non se decía qu'existían mouros n-iste país—non sendo os encantados—un dos vecíños botou a pastar unhos porcos car' o monte dito *Monte negro* e mandou de guardián un neno, o que se meteu por unha encañada do monte, ond' estaba unha manta de millo a secar, y-a carón d'ela, unha vella moura «arrestrelando llin». y-un dos porcos foise tranquilamente ó millo; irritouse a vella, e ceiboulle (pra matalo) o restrelo, e con tan boa sorte, fuxiu co'l clavado, o porco, que a toda presa chegou á casa do seu dono, co dito oxeto clavado. Colleuno o dono, esaminouno, e sacou en limpo qu'era d'ouro.

Ainda hoxe, os sucesores d'esa familia, chámnanlle «os do restrelo».

(RECOLLIDO DA TRADICIÓN ORAL POR ALFREDO GONZALEZ CAÍNA, ALUMNO DA ESCOLA NORMAL D' OURENSE.)

**

2 No coto de Louredo (2) (Mugares) atopá-

(1) Isto é un caso d'*etimología popular*, qu'estudan os folkloristas. Hai moitos na nosa Terra, e n-outro número daremos algúns dos que temos recollidos. O pobo, pra s'espriñan as topónimias antigas, que non pode resolver pol-o seu lençoaxe corrente, inventa leendas coma esta. Hai moitos casos de leendas edébres que teñen ista orixe.

(2) O nome de Louredo, que pode dicir referencia ó case pudo influir pr'a formación d'esta creencia, e tamén pode traxuelo a sua orixe d'unha leenda mais antiga. De todos os xeitos é indudable que elí houbo habitadores n-outro tempo, que deixaron rastro do seu paso, sempre interessante pr'a ciencia estórica, e non quita que elí se teñan achado cousas de valore.

banse ladrillos afumados e moedas vellas. Supóñase que ali había un tesouro. Cando os de Mugares iban á sega a Castilla decíanles os casteláns que porque iban aló que a sua Castilla tiñanha en Louredo.

Xuntáronse todolos de Mugares e cada casa puñía un home pra ir cavar no coto de Louredo e cousa qu' atopaban levabanlla ás sabias que botaban as cartas y elas decíanles que por ali andaba a trave d' ouro e de veneno, pro que era mais ó fondo, pola parte do río. Un tío do comunicante era o que dirixía os traballos e daba viño a todolos que iban traballar.

Atopar non s'atopou ali mais que cachos de pote, tellas, cazolas y unha chapa de metal.

O Ciprianillo di que en Louredo, cavando, hase d'atopar unha capilla qu' é a capilla de San Cipriano. A porta estarán dous xigantes cada un co a sua maza na man, un de cada lado conforme s'entra. Cando o que ali entre queira sair, os xigantes baixan as mazas e matan o que todo se desfai en ouro. Por eso, o que ali vaya ten que facer entrar primeiro un cadellido porque sinón o primeiro que entra morre.

(RECOLLIDO POR NEMESIO BARJA, ALUMNO DA ESCOLA NORMAL.)

CX

A Reina Loba

En Figueirós hai un castelo ond' estaba a Reina Loba. A Reina Loba era filla d'un Rei mouro, que tiña moitas fillas, mais unha tivo unha falta, y entón o pai botouna pr'aquel pobo.

A Reina Loba puxolle de renta ó pobo unha vaca diaria, o que era un tributo moi grande, y entón o pobo queríase xuntar pra destronala.

Y-había ali un estudiante que namorou á Reina Loba, y aporveitouse do seu amor pra matala.

Y-estoncias, quedou o dito:

Matachela Reina Loba,
Pueblo de Figueirós,
Matachela Reina Loba,
Fidalgos quedastes vos.

(RECOLLIDO DA TRADICIÓN ORAL POR NEMESIO BARJA A E. A.)

A Sociedá do Oso

En Verán hai a Sociedá do Oso. Cand' un socio está enfermo e non é de morte, si vai o médico a velo, un da Sociedá, chégase a il e díelle: «Escusa ir, que d'esta non lle vai».

Cando é que morre, o dia anterior, ou o mesmo dia, van todolos socios a buscalo á casa, eo seu crego, e levan nas maus ósos accesos coma si foran velas. Pasan sen tropezar con ninguén. Outras veces vese unha chea de bultos que non se sabe o que é. E, sin embargo é de xente viva, non de pantasmas.

Ó chegar á Eirexa, teñen o enterro, y enterrano, e todo pasa de noite. Mais o corpo do difunto, queda na casa.(1)

Unha muller, a vispora da festa chegou moi cedo a Verán, antes do sol sair, e viu a eirexa aberta. Entrou e viu a xente faguendo un enterro. Chegouse, y un deulle unha vela acesa, y ela tivo na man mentras durou aquello, y ó acabar, apagouna e meteuna na cesta que levava no brazo; mais ó sair o sol, foi mirar a vela, e viu qu'era un óso de morto.

(COMUNICADO POR NEMESIO BARJA A E. N.)

(1) Vese elqui que o qu' enterran é o corpo astral do difunto. Tamén pode ser que os qu' asisten ó enterro vayan en corpo astral deixando os seus corpos vivos na casa... Un ocultista tamén vería n'esto unha lembranza d'algúnha antiga fraternidade iniciática.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

A III ASAMBLEA NAZONALISTA GALEGA

Tivo lugar en Vigo n'os días 16, 17 e 18 do mes d' Abril. Nela estiveron representadas y-adherironse ós seus acordos, todolos entidades nazionalistas de Galiza. Algúns grupos que s'están formando mandaron tamén as suas adhesións á Asamblea.

Foi unha nova e baruda afirmación do pensamento nazionalista que, na primeira e ines-

quecente Asamblea de Lugo en 1918 expresárase xa nun Programa concreto, ratificado logo pola de Santiago en 1919. N-a de Vigo viuse novamente que os nazionalistas son os únicos na nosa Terra que teñen unha ideoloxía completa, coerente, clara, definida, que se poda presentar á face das xentes. A bandeira das Irmandades é hoxe ela soia a ondear ó vento do Ideal.

A *Nosa Terra*, órgao oficial das Irmandades, é a encarregada d'informar á opinión galega

do qu'eli pasou e do qu'eli se fixo. NÓS limitase a proclamar outamentos, orgullosamente, a verdade irrecusabel que deixamos esposta.

Concurrentemente coa Asambreia, déronse nas principais sociedades de Vigo varias conferencias polos cabezaleiros do Nazonalismo.

Pol-o tanto, Vigo, a vila do gran porvir, escoltou nos días da Asambreia unha forte e seria enunciación do xeneroso credo nazionalista, útil sacudimento que II hai que dar ós espíritos en todal-as vilas y-aldeas de Galiza. E a afirmación da verdade indestrutible da Nazón Galega a s'ostentar nas verbas que falan a razón y-o sentimento pol-o bico dos bós e xenerosos, na sua persistente cruzada d'ideal.

ACHÁDEGOS ARQUEOLÓXICOS

Preto do lugar en que Murguía coloca o *kjøkkenmøddingen* da Ría de Arosa, exprorado por D. Ramón del Valle no século pasado s'acaba de faguer un descubrimento arqueológico, que si non tén unha outa importancia estórica, está emparentado con outros anteriores de meirande intrés, cal foron os sepulcres, moedas, restos de cerámica e osamentas, atopadas en 1905, y-estudeado pol-o sñior Gil e Casal, correspondente da *Academia de la Historia*. Apareceu n-aquél entón o cimenteiro do Castro de Vistaalegre, no cal s'alcontraron oito sepulcres de tella, c'os seus respectivos esqueletos d'elevada estatura, mais que non poiden pertencer a xentes anteriores ás dos séculos médeos, pois qu'iste cimenteiro, que foi un dos muitos que dimpois da paz costantina se construíron á veira das eirexas, dependería de San Cristovo, de molta sona. Ademáis o s'atoparen, tamén, ó mesmo tempo e'os sepulcres, moedas románs, y-os sinos achados n-iles, no nos poiden faguer pensar qu'estamos en presenza de sepulcres coma os que viu na Lanzada o P. Sarmiento no ano 1754 e que Murguía insinúa a posibilidade de que foran céltigos⁽¹⁾. Non embargante, ben poidera acontecer qu'istes restos que son románs, nos levaran hasta os nosos aborixens, os celtas, pois iles dependen do Castro de San Cristovo como deixamos dito, e os castros son célticos; non tememos decil-o a pesar do descreto en que caiu a teoria que todo o antigo se refere ó pobo céltico: a verdade é superior ós sistemas⁽²⁾. O que fixeron os que viñeron dimpois dos celtas foi aproveitarse das suas fortificacións, como ouviu Ring. Ademáis o sñior Gil e Casal, que leva estudeado moito tod'o que se relacioa c'a estoria d'ista

(1) Murguía, Galicia, pág. 33.

(2) Murguía, ob. cit. pág. 61.

NOS

comarca, sospeita qu'à desbocadura da Ulla existiu unha cibdade, da que xa falou Ptolomeo, e qu'il quer chamar *Abobriga*⁽³⁾. Y-esta cibdade d'existire non sería (o mesmo que Lámbrica, tamén na Ría d'Arosa), d'orixe céltiga?

Os achádegos actuaes bastante más cativos c'os de 1905, se reducen a uns anacos de muros d'aparexo y-uns pavimentos; un d'iles moi ben conservado e cuvertado de baldosas de harrococido, outro está recubierto d'un cemento composto de cal e croyos de cuarzo. Como n-istes recintos s'atoparon escamas de peixe, e dada a sua prouxitimidade ó mare, non é moi aventurado consideral-os coma depósitos dedicados a conservas e salazás de peixe, dependente de Castro de San Cistobo d'Alobre, pois sabido é c'os castros, non somentes eran fortes e habitacións do xefe (brenn), que tamén eran centros de poboanza, compostos pol-o elemento relixoso, xurídico, agrícola, comercial, industrial, etc. Sexa todo isto o que queira, é o caso que do estudeo de todas estas cousas se poden tirar bons datos pr'a nosa Estoria.—J. N. B.

* * *

O día 5 de San Xoán, fixose unha esproração preliminar nos vestixios d'unha antiga vila romana, no lugar dito a *cibdade*, á veira do río Limia en Porto Quintela perto dos Baños de Bande, polos nosos compañeiros Ramón Otero Pedrayo, Florentino L. Cuevillas e Vicente Risco, acompañados do callo abogado de Bande D. Farruco Pena.

D'istes vestixios fala xa Cean Bermúdez, y-o lugar é ben coñecido dos vecíños dos arredores, que das antigas construcións sacan pedra pr'a paredes das suas leiras, e teñen atopado eli tamén moedas e potes de barro negro, dos que non se conserva ningún. Pol-o mal tempo que faguiu non se pudo faguer mais que poñer en descuberto seis metros de muro direito, feito de cachotería ben asentada, d'un grosso de cincuenta centímetros. Os cachos de tella romana atopápanse a froi de terra, e na escavación que se fixo non s'atoparon mais que dous cravos de ferro e testos de barro negro e marelo, antr' iles un roxo vidrado moi polido e brillante. Os traballoos dos vecíños que deixaron ó aire os cimentos das casas, dan a ver qu'estas eran de planta cadrada ou reutangular, e cobrían unha estensión considerable do tarreo, n-un aluvión do Limia, seguindo tamén pol-a veira esquerda do río.

(3) *Abobriga* situase tamén en Ribadavia, e de Vosgien en Bayona, *Dictionnaire Géographique*, ap. II.

Trátase con toda probabilidade da mansión d' *Aquis Querquerais* estación da III vía militar d' Astorga a Braga, asegún o itinerario d' Antonino, qu' o Sr. Díez Sanjurjo identifica con Baños de Bande. O lugar é bén merecente d' unha esproración en grande, sistemática feita. Os nosos compafieiros propóñense voltar aló e faguer novas escavaciós.

A TENTACIÓN

MACÍAS O NAMORADO

Duas obras de teatro d' EUXENIO CARRÉ

A vocación d' iste autore é o teatro, dende logo. Veleiquí doulos ensaios mais liricos que dramáticos. É o seu amore ó taboado o que o moveu sen dúbida a lles dal-a forma represen-tabel en troques de deixalos en poemas. O teatro galego conta xa c' unha enchenta d' obras n-unha xeira ou en días. Moi bén, se n-unha xeira nos deran a emoción de tres ou catro... Sería bén qu' os autores galegos leesen mais cousas extranxeiras, que se meteran nos miolos total-as cousas qu' hoxe andan a rodar polo mundo. O artista pra selo, ten que ser da sua terra e ten que ser do seu tempo... Por exemplo: cando a intención non é puramente a reconstrucción estórica, non compre pra nada ir buscal-a emoción no século XVII ou no XV, no encontro das mesmas paixóns qu' hoxe moven tamén os nósos contemporáneos, anque se visitan menos artísticamente... Temos direito a esixir dos nósos autores que nos dean *galeguismo, modernidade y-emoción*. Se falla algúnhia d' estas tres condicións é grave perxuízo pr' ó efecto artístico. A segunda condición é da que s' atopan mais faltosas as obras de teatro galego, e singularmente estas ditas d' Euxenio Carré. De todos os xeitos, estaría bén qu' o Sr. Carré emprendera cousas de maior empeño, cousas longas, qu' enchan unha noite, anque sexa d' espansións liricas e comentarios discretos, e sobre todo que, si val o pasado, sexa buscando as sementes do mañá...

L'OURAGAN

por FLORIAN PARMENTIER

Paris, Le Fauconnier

Un libro de guerra—«en des temps de fox-trot et de joyeuse hoirie», que di o autor—y-un dos libros mais fondos e de meirande intensidade tráxica que produxo a guerra, somentes comparabel os d' Henry Barbusse e d' Elie Faure. E o libro d' un que fixo a guerra, que a viviu e que nos dá d' ela unha visión de conxunto. «Livre grouillant, sanglant, furieux, et plein de choses magnifiques»—dixo d' il León

Hennique, y-efectivamente, cousas estupendas s' atopan n-lí, especialmente a invocación final ós mortos, que é unha cousa que sangra, que acusa implacablemente, que presigue as raíces indestructiveis das doores vontarias qu' a ceguera eterna dos homes s' impón... Sentimento romántico, no senso d' erro radical que ten a verba romantismo, é o que guía iste libro: a idela rusiana das mintras sociaes corrompendo e perxudicando á humanidade, coma se tales mintras non foran cousas humanas, non tiveran a sua orixe na imperfección da nosa fraca natureza... E a tristura eterna do optimismo decepcionado, y-hastra cecais da humana soberbia confundida pol-a imposición brutal da realidade, da nosa propia realidade incorrexisible... Barbusse en *Le Feu* chega á conclusión desoladora de que non son possibles a libertade nin a fraternidade... Que pensarán os homes cando se convenzan de que tampouco pode ser a igoaldade?—V. R.

MAGNOLIA

por ALEXANDRE DE CÓRDOVA

«Rimas d' Amor e de Primavera» di o autor... D' unha primaveira lonxana, esvaída y-un pouco triste, dourada polo Solpór do Simbolismo, primaveira nephelíbata, do tempo do *Oaristos* d' Euxenio de Castro, perdida nunha aristocracia de penumbras... Ai, como revén a un aquil preciosismo de decadencia qu' outrora nos encantara, é que se fixo tan portugués e tan noso!

Ise preciosismo que produz versos admirables, como istes:

*Pelos salões desertos, as neblinas
Técen, prás Cousas Mortas, brancos véus...*

ou

Anda o Silencio a apagar-te os passos...

versos d' unha fonda evocación metidos antr' os ouros vellos da rocalla decadente e suntuosa d' iste libro, con todo discreto coma se fora mísica de cámara...

O autor tén a obsesión das maus, coma Mallarmé tivera a dos cabelos, a maus de marfil, que s' axuntan en adoración «Esguías máos ogivais» que di na linda *Balada das mós de abandono*—en todo soña o decadentismo—as maus que describía Aubrey Beardsley y-as que hoxe pinta un influenciado seu: o noso decadentismo Bujados... O libro ven ofrendado a unhas maus...

Rimas d' Amor, d' aquil pálido amor decadente—no fondo tan sinxelo, tan inocente ás veces—que foi entón unha mixtificación do mis-

ticismo, coma n'un famoso soneto de Laurent Tailhade. Todo aquelo pasou.

Mais, se Alexandre de Córdova nos oferce versos belos, delleados, suntuosos, hémolle botar na cara o escribir á luz d'unha estrela que s'apagou?—V. R.

**EL PROBLEMA
DEL MUNDO INTERIOR**
por R. NÓVOA SANTOS,
Santiago, 1920.

Dend'Ayras Nunes qu'anadio a ver s'atopaba a verdade sen atopala en ningures, dixérase qu'a posición do espírito galego, cando se pón afeito a filosofare, é o escepticismo: mirade Feixón... Cecais a esto se deba o que non feñimos o que se dí unha filosofía, embora de cada unha das producções da nosa mente, cole-a mesma sempre—a sua filosofía, com'isa pingota de mel que soltan os figos.

Ora, esa filosofía qu'os galegos faguemos sen intención de fagnela e qu'é sempre a mesma, vén a ser, se bén se mira, a que xa feita intencional, nos presenta o ilustre Dr. Nóvoa Santos n'iste discurso que tanto ruido meteu, e qu'é bén merecente da sona que tivo.

O Nóvoa Santos ataca n'il valentemente o problema radical do mundo interior: o problema da *consciencia en si*, arredadamentes do seu *contido*. Demostra a insuficiencia da psicoloxía fisiolóxica pra resolvelo. A psicoloxía fisiolóxica pode esprical-o contido da conciencia, non a conciencia en si. Pr' estudar esta compre botar mui da intuición introspectiva, que nos revela a conciencia com'algo sustancial—onde se ve qu'o criterio do Nóvoa Santos é espiritualista—e com'algo omnipresente, continuo e indiferenciado «que non é máis «nós» que dos «outros» e dos «non-outros»...—o que é panteísta. Tan panteísta que ás veces coida un qu'está leendo unha exposición das doutrinas dos Upanishads da India, que ás veces tén frases verdadeiramente brahmánicas.

Iste traballo do Nóvoa Santos non é unha teoría com'outras tantas—hai que telo en conta—é unha contribución sólida á psicoloxía introspectiva. Pón en craro como a conciencia é a *intuición da sustancia*, mais hai unha cousa que non está crara: se a individualidade é unha illusión—a *sakkaya dhitti* ou gran herexía dos buddhistas—non sabemos com'esta illusión chega a ser producida...

E, os qu'atacaron a tése do ilustre médico compostelán, deberían ter en conta que o Doctor Nóvoa Santos non tén a culpa de ser panteísta: o panteísmo dáio a Terra nosa; non é en nós, os galegos, un erro, unha illusión, unha herexía: é a nosa forma de pensar, herdo da Raza e función da Terra, e non hai galego que non sexa no fondo panteísta, inda cristian, inda escolástico...

LA REVISTA,
Barcelona, Decembre, 16, 1920.

El viatger por R. Rucabado.—*Contra el tópic de la cortesía*, por Carles Soldevila, artigo

de capital intrés pra nós, que nos perdemos de corteses e de gasalleiros co'a xente d'affora, dando lugar a qu'en Galiza entre tanto forasteiro famento com'en país conquistado, y-a qu'eiquí todo dios se bote de persona somentes por ter nacido alén de Quereño... Soldevila demonstra en duas graciosas parábolas, como pr'ás xentes da Meseta, a cortesía é deixarse asoballar e decir a todo amén.—*El poeta de la interna maravilla* por Cristófor de Domenech, sobre do poeta catalán Xosé María López-Picó, con ocasión do seu libro derradeiro *El retorno*. O autor do artigo, gran admirador de López-Picó, pono en comparanza c'outros dous poetas representativos de Cataluña: Josep Carner, o poeta pleno, que se pode premitir todolos estrevementes sen ser endexamais inferior a si mesmo, e J. M. de Sagarriga o *autualizador da vella racionalidade catalana*, cheio do zume da terra. A carón d'iles, López-Picó difrenciase de todolos poetas de Cataluña. Il colle as cousas, non da realidade, senón da notación interna, e d'eiquí que cando fala diga sempre algo máis do que dín as sus verbas, poeta de depuración e d'alteza.—*Poemas* de C. Fagés i Climent e de J. Vives i Borrell.—*Traducción d'Auro d'Alba* por T. Garcés.—*Reflexions i sentiments* por J. Farrau i Mayoral.—Na Bibliografía unha mención honrosa de *Do Ermo* de Noriega Varela e más de NOS.

LA DOUCE FRANCE,
n.º 27, 3^e année, Decembre 1920.

Tral dibuxos e gravuras de Louis Chadel, pintor xaponizante d'assuntos míticos, animaísta notable, c'un estudo sobre d'il por Emmanuel de Thubert.—Unha curiosa gravura en madeira de Lepreux, ilustrando un artigo d'escursionista de François Bidet.—O noso colaborador Ph. Lebesgue traduz tres poemas de Henry David Thoreau, o gran naturalista yanqui, que se fora vivir no bosque com'o héroe do famoso *Escarabello d'Ouro* de Poe, y-escribiu ensayos tan fondos e tan sedutores com'os d'Emerson.—Derradeiramente, unha cántiga de Nadal do País Poitevin que non deixa de s'imitar a algunhas vellas cántigas nosas.

REVISTAS E XORNAES


N'esta redaición recibíronse os seguintes boletis: *La Douce France* (Paris); *La Revista* (Barcelona); *Hermes* (Bilbao); *Vida* (Cruña); *Flama* (Balaguer); *La Ráfaga* (Vigo); *El Ebro* (Barcelona); *Monitor* (Barcelona); *Vida Gallega* (Vigo); *La Zarpa* (Madrid); *El Emigrado*; *El Eco*; *El Pueblo* (Pontevedra); *Acción Coruñesa* (Cruña); *Luz* (Santiago); *A Nosa Terra* (Cruña); *Acción Gallega* (Buenos Aires); *Eco de Galicia* (Habana); *Nova Catalunya* (Habana); *Taldebriga* (Aveiro); *Heraldo Guardés* (A Guardia).

Hoxe, a falla d'espazo privanos de nos ocuparmos con detemento d'algúns d'elas. Farémoslo n-o número próximo.

NÓS

AGUAS MINERO-MEDICINALES
BICARBONATADO-SÓDICAS

MONDARIZ



NÓS

FRÁBICA MECÁNICA DE CALZADO

DE

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15 - A CRUNA

GRAN CAFÉ "LA UNIÓN,,

O MILLOR SITUADO E DE MAIS CONFORT

BILLARES - VARIETÉS - SEXTETO

Nóvos propietarios: MANUEL VAZQUEZ :-: EULOGIO ALBERTE

PEREIRA, 18

TELÉFONO NÚM. 61

"GRAN HOTEL ROMA,,

MONTADO CON TODO CONFORT E HIXENE MODERNOS :-: COCINA VARIADA E SANA

PENSIÓN COMPRETA DE 10 A 50 PESETAS

SITUADA NO MAIS CÉNTRICO DA CAPITAL

Progreso, 71

OURENSE

Telefono, 73

SANATORIO QUIRURXICO D' OURENSE

DIBUXIDO POR

D. Manuel Pol Piñeiro

Ciruxia xeneral e especialdades

D. Manuel Peña Rey

Xinecoloxía e partos

Istalado en sitio sano e pintoresco (carretera da Loña).

Conta con elementos precisos pr' a boa asistencia dos operados.

Moi logo istalará RAYOS X.

PRA DETALLES DIRIXIRSE A UN DOS DIREITORES

TARIFA D'ANUNCIO

	Ordinario	Exclusivo
Unha plana	60 ptas.	120 ptas.
$\frac{1}{2}$ plana	30 *	60 *
$\frac{1}{4}$ plana	15 *	30 *
$\frac{1}{8}$ plana	7'50 *	

Na cuberta esterior e follas intercaladas antr' as do testo:

Unha plana	100	*	200	*
$\frac{1}{2}$ plana	50	*	100	*
$\frac{1}{4}$ plana	25	*	50	*
$\frac{1}{8}$ plana	12'50	*		

Os precios son por inserción. Nos abonos por mais de seis insercós faise un desconto, no anuncio ordinario do 10 por 100 e nos escrusivos do 15 por 100.

Os VIÑOS do Ribeiro

ARNO YA FINO

Siñifican o máisimun da "delicadeza,"

BODEGAS da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes.-OURENSE

NOVA AXENCIA DOS CAMIÑOS DE FERRO

Alvarado & Felmo

Despachan e tramitan toda clás de reclamacós y-asuntos que se teñan cos camiños de ferro

PONTE MAYOR (Ourense)

"A NOSA TERRA",

BOLETIN DECENAL

Idearium das IRMANDADES DA FALA en Galicia e nas colonias galegas d' América e Portugal

PRECIOS DE SUSCRICIÓN

Na Crúa ó mes	40 céntimos
Coste d'un número	15 "
Fora, trimestre.	1'50 pesetas allí
América, id.	2'00

REDACCIÓN Y-ADMINISTRACIÓN: PLAZA DE MARÍA PITA, 17, BAIXO. — A CRUÑA

"Teoria d'o Nacionalismo Galego,"

POR VICENTE RISCO

Léaa que lle dará luces pr'enxergal-os probremas da nosa Terra

PRECIO: CINCO REAS

F. Román e Saco

DROGUERÍA

E FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono, 28

OURENSE